

Campus universitario  
32004 Ourense  
España

Tel. 988 387 170

webs.uvigo.es/educacion-ou  
e-mail: fedts@uvigo.es

**RESOLUCIÓN DECANAL DE 1 de febreiro de 2021 POLA QUE SE ESTABLECEN OS PRAZOS PARA A RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN PARA OS ESTUDANTES DE GRAO, NO CURSO ACADÉMICO 2020-2021.**

De acordo co **calendario escolar para o curso 2020-2021 aprobado en Consello de Goberno de 29 de abril de 2020; modificado o 2 e o 12 de xuño e 28 de xullo de 2020**, os períodos de rexistro na aplicación informática das cualificacións nas actas e da súa respectiva entrega serán os seguintes:

Período/Convocatoria	Inicio	Re
PRIMEIRO	XOVES, 10 DE DECEMBRO DO 2020	VENRES, 19 DE FEBREIRO DO 2021
SEGUNDO	MÉRCORES, 14 DE ABRIL DO 2021	LUNS, 28 DE XUÑO DE 2021
2ª OPORTUNIDADE	MÉRCORES, 30 DE XUÑO DE 2021	LUNS, 26 DE XULLO DE 2021
FIN DE CARREIRA	VENRES, 18 DE SETEMBRO DE 2020	VENRES, 13 DE NOVEMBRO DE 2020

Segundo o disposto no punto 6 da Resolución Reitoral de 9 de febrero de 2018 pola que se aproba o procedemento transitorio para a **Avaliación por Compensación en estudos de Grao**, establécese que *as solicitudes de avaliación por compensación irán dirixidas, por medio dunha instancia da/o estudante, á dirección do centro de adscrición da materia. Esta poderá realizarse en cada período de avaliación dende a data de apertura de actas ata quince días hábiles despois do peche de entrega das mesmas.*

Tendo en conta o disposto no parágrafo anterior e segundo indicado na Ley 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común para as Administracións e a Ley 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, é preciso establecer os prazos para as convocatorias deste curso académico 2020-2021, polo que este Decanato **RESOLVE:**

Establecer para a **presentación de solicitudes de avaliación por compensación no curso académico 2020-2021**, os seguintes prazos:

- Convocatoria do PRIMEIRO PERÍODO: dende a data de apertura de actas o 10 de decembro de 2020 ata o 12 de marzo de 2021.
- Convocatoria de SEGUNDO PERÍODO: dende a data de apertura de actas o 14 de abril de 2021 ata o 19 de xullo de 2021.
- Convocatoria de XULLO: dende a data de apertura de actas o 30 de xuño de 2021 ata o 15 de setembro de 2021.

DECANATO Ourense, 1 de febreiro de 2021.  
O DECANO

Facultade de Educación  
e Traballo Social

Universidade de Vigo  
Xosé Manuel Cifuentes Fernández